

VACINACIÓN DO PROFESORADO

Santiago, 23 de febreiro de 2021

Acabamos de ser convocados con carácter de urxencia a unha reunión co Director Xeral para abordar as cuestións relativas á vacinación do profesorado.

Queremos manifestar a nosa disconformidade co procedemento de vacinación que se está a seguir co colectivo do profesorado descoñecendo os criterios establecidos polas diferentes Consellerías.

A Consellería informa de que estes dous días foron para probar a loxística. A partires de mañá farase un **chamamento masivo** por áreas sanitarias en referencia aos centros educativos. Vaise citar ao persoal docente e non docente de colexios públicos, concertados e privados menores de 55 anos por orde alfabética, comezando pola letra H. A vacina aplicada para este colectivo será a de AstraZeneca. Os maiores de 55 anos serán convocados segundo a dispoñibilidade de subministro da vacina correspondente a esa idade (Pfizer ou Moderna).

A previsión de finalización do plan de vacinación para o noso colectivo, menor de 55 anos, é para finais de marzo ou principios de abril.

A Directora Xeral de Saúde Pública, Carmen Durán, informa de que a oportunidade que se presentou para a vacinación masiva deste colectivo, debido o gran subministro da vacina citada, non se podía perder. Por iso se comezou o plan de vacinación sen consulta previa. Procedemento que non nos parece lóxico polo que solicitamos á Consellería una reunión urxente coas OOSS.

O proceso que se segue no momento da vacinación é o seguinte: primeiro o persoal sanitario realiza unha anamnesis para ter coñecemento dos posibles problemas de saúde; a continuación se lle pregunta se queren vacinarse ou non. Se se negan, terán que facelo por escrito e iso quedará rexistrado. Esta decisión non é irreversible.

Farase un seguimento do persoal vacunado aínda que as reaccións adversas son mínimas e non adoitan xerar IT. A administración da segunda dose realizarase entre as 10 e 12 semanas posteriores.

O persoal que se atope en IT non será chamado ata que se incorpore ao centro educativo.

A vacina non está contraindicada en embarazadas, o seu médico terá que valorar o beneficio-risco.

No caso de calquer dúbida ou ante a imposibilidade de acudir á cita, existe a posibilidade de poñerse en contacto co servizo de admisión do Sergas.

Dende **FeSP-UGT** solicitamos unha reunión **urxente coa Consellería de Educación** para tratar as posibles modificacións nos criterios a seguir na evolución do plan de vacinación.

Manifestamos que todo o rebumbio creado nestes dous días podería terse evitado cunha reunión previa coas OOSS que nos permitise ter informado ao noso colectivo.